serie PUPI

O BARCO DE VAPOR

María Menéndez-Ponte

# Pupi e as pantasmas

Ilustracións de Javier Andrada



smxerme

Dirección editorial: Elsa Aguiar
Coordinación editorial: Paloma Muiña
Tradución: Isabel Soto

© do texto: María Menéndez-Ponte, 2008
© das ilustracións: Javier Andrada, 2008
© Xerme Edicións, 2011
Rúa Anduriña, 1
36205 Vigo (Pontevedra)
www.grupo-sm.com

ATENCIÓN AO CLIENTE
Tel.: 902 121 323
Fax: 902 241 222
e-mail: clientes@grupo-sm.com

ISBN: 978-84-9854-325-4
Depósito legal: M-26644-2011
Impreso na UE / *Printed in EU*

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares,
agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

*Para Ainoa, Ada e Al,*
*os mellores amigos de Pupi*

Pupi foi pasar a noite
na casa de Nachete.

Súa nai apagoulles a luz
porque é hora de durmir.



Pero a noite resulta
demasiado emocionante
como para perdela durmindo.
Ademais, xa se sabe,
cando dous amigos están xuntos,
o sono escapa pola fiestra.





–A ver quen é capaz
de brincar máis alto –rétao Nachete.

E os dous comezan a brincar na cama.

–Eu chégolle ao teito!
–berra Nachete.

–E eu ata a *chirimoia*!
–chía Pupi.

–Ha, ha, ha! A chirimoia!
–ri Nachete.





Pupi contáxiase da súa risa,
malia non saber
que rin porque el trabucou
a claraboia cunha froita.

E os dous seguen a brincar,
cada vez máis alto.

–E eu chégolle á Lúa –berra Nachete.

–E eu chégolle ás *esteiras* –chía Pupi.

–Ha, ha, ha! As esteiras! –ri Nachete.





Pupi contáxiase da súa risa,
malia non saber
que rin porque el trabucou
as alfombras coas estrelas.

Ao oír semellante balbordo, a mamá de Nachete acode a poñer orde.

–Quen está a dar eses golpes?

